



A asociación EsGaia Inserta participa no programa Xuventude Mentoring na empresa, impulsado pola Xunta de Galicia, como entidade beneficiaria dunha subvención na que poderán participar **25** persoas mozas maiores de 18 anos, para a realización de estadias formativas en empresas ou entidades públicas ou privadas, vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia. A finalidade deste programa é reforzar a empregabilidade e as habilidades e competencias profesionais das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX), non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, cos seguintes obxectivos específicos: a) Potenciar os programas de educación non formal nos que as persoas mozas adquiran os coñecementos e habilidades máis demandados no contexto laboral actual. b) Achegar ás persoas mozas á realidade empresarial e mellorar a súa autonomía persoal, capacitación e adquisición de destrezas, coñecementos e habilidades que favorezan a súa inserción laboral mediante emprego e autoemprego. c) Crear un ecosistema favorable á creación de oportunidades de emprego xuvenil. d) Favorecer a captación e retención de talento en sectores económicos clave para a economía galega.

REQUISITOS DAS PERSOAS MOZAS PARTICIPANTES NESTE PROGRAMA

a) Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do SNGX, de conformidade co disposto no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. b) Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano. c) Estar inscritas no SNGX e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONDICIÓNS E BENEFICIOS DO PROGRAMA

As persoas participantes percibirán unha bolsa de formación cun importe de 661,50 € mensuais, incrementada en 100€ en caso de persoas con discapacidade e/ou en situación ou risco de exclusión social, e outros 100€ para desprazamentos que se abonarán segundo o criterio recollido nas bases da convocatoria.

Ademáis recibirán unha formación complementaria, de 100 horas lectivas de asistencia obrigatoria, das que, 40 horas estarán adicadas á formación específica para a inserción laboral, e as 60 horas restantes a formación complementaria relacionada coas áreas de traballo (forestal, agroalimentaria e de benestar e coidados) e a visitas a empresas e/ou espazos de interese da contorna. Os participantes recibirán apoio personalizado e titorización para a súa inserción laboral efectiva durante a duración das estadias e ata 6 meses despois da finalización das mesmas.



As horas formativas nas entidades ou empresas nas que se realizan as estadias terán unha duración mínima de 100 horas mensuais e un mínimo de catro días laborais por semana, que se definirán coas empresas encargadas das mesmas e consonte ás bases do programa.

NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS

3 prazas no sector forestal

14 prazas no sector de benestar e coidados

3 prazas no sector agroalimentario

5 prazas combinarán experiencia no sector forestal, agroalimentario e de benestar e coidados.

O total dos 25 participantes recibirán 60 horas de formación complementaria e experiencias prácticas puntuais no sector forestal, agroalimentario e de benestar e coidados, dentro das 100 horas de formación obrigatorias incluídas no programa.

EMPRESAS NAS QUE SE REALIZARÁN AS ESTADÍAS FORMATIVAS

Sector Forestal:

1.- Garza Servizos Forestáis – Coles (Ourense) 3 prazas

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas co sector, tala, poda, desbroce, replantación, control de pragas... e adquirirán destrezas para o manexo de ferramenta e maquinaria e a xestión de espazos verdes, e prestación de servizos da área forestal.

Sector Benestar e coidados:

1.- Hotel canino Bichiños – Coles (Ourense) 4 prazas

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas co coidado e atención de cans na contorna dun hotel canino de concepto aberto (os cans non están en gaiolas) e adquirirán habilidades básicas de manexo, coidados, alimentación e atención ós cans, ademais de coñecementos de aseo e perruquería canina, atención ó público e xestión de residencias e hoteis caninos.

2.- Canedupo Ponteareas – Ponteareas (Pontevedra) 4 prazas

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas co coidado e atención de cans na contorna dun hotel canino de pequena capacidade (7 prazas) e adquirirán habilidades básicas de manexo, coidados e atención ós cans, así como poderán formarse en adestramento canino e entramento de cans para deporte (agility canino) e reeducación de



cans con condutas indeseadas, ademáis de obter coñecementos de atención o público e xestión de residencias e hoteis caninos.

3.- Canedupo Lugo – Lugo (Lugo) 4 prazas

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas co coidado e atención de cans na contorna dun hotel canino, e adquiriran habilidades básicas de manexo, coidados e atención ós cans, así como poderán formarse en adestramento canino e entrenamiento de cans para deporte (agility canino) e reeducación de cans con condutas indeseadas, ademáis de obter coñecementos de atención o público e xestión de residencias e hoteis caninos.

4.- Residencia canina Gardacan – Coles (Ourense) 1 praza

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas co coidado e atención de cans na contorna dun hotel canino tradicional e adquiriran habilidades básicas de manexo, coidados, adestramento e atención ós cans, ademáis de coñecementos de atención ó público e xestión de residencias e hoteis caninos.

5.- Nestpet – Ourense (Ourense) – 1 praza

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas coa atención ó público e a xestión dun establecemento proveedor de produtos naturais para o coidado das mascotas (alimentación, veterinaria, saúde, lecer...) e adquiriran coñecementos de saúde veterinaria, alimentación natural e todo o relacionado co benestar dos animais de compañía.

Sector Agroalimentario:

1.- Casa Conde – Coles (Ourense) – 3 prazas

Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, realizarán tarefas relacionadas coa atención ó público e a xestión dun establecemento de restauración e lecer, cunha iniciativa de comercialización e difusión de produtos ecolóxicos de proximidade, polo que inclúe o traballo e xestión dunha horta, a combinación de cociña vexetariana e vegana con cociña tradicional con produto ecolóxico e a comercialización de produtos típicos de xestión ecolóxica combinado coa atención ó público dun establecemento deste tipo.

Combinado (Sectores forestal, agroalimentario e de benestar e coidados)

1.- Esgaia Inserta (Ourense) Ourense e Coles (Ourense) – 5 prazas



Os participantes adscritos a esta entidade para a realización das súas estadias formativas, canto a área de benestar e coidados, realizarán tarefas relacionadas coa alimentación, coidados, limpeza, adestramento e atención integral a animais de domésticos incluídos en proxectos de intervención socioterapéutica asistida con animais, adquirindo habilidades para a interacción respectuosa, a selección e o coidado destes animais, así como habilidades para o manexo de maquinaria e ferramenta empregadas para a mellora dos espazos onde viven (construcción de curros, casetas, pechamento de fincas para silvopastoreo...) Canto a área forestal, os participantes neste programa, realizarán tarefas de desbroce, poda, prantación e reprantación, xardinaría e limpeza e adecuación de eidos e camiños para silvopastoreo. Canto a área agroalimentaria, os participantes neste programa realizarán tarefas relacionadas coa apicultura, avicultura e cultivo de fungos e creación dunha explotación agrícola de produtos ecolóxicos.

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes das persoas mozas interesadas en participar no programa Xuventude Mentoring na empresa presentarase telemáticamente cubrindo o formulario de solicitude de inscrición online https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSc9yreuT84PecfOuTPGnL6zQ0r9WRcN5Gqx-pjs9jY6zgxEtA/viewform?usp=sf_link e achegando vía mail a esgaiainserta@gmail.com confirmación de presentación de solicitude, breve presentación de candidatura escrita no mesmo corpo do mail, que incluíra as 3 entidades nas que se prefire realizar ás estadias por orde de preferencia e xustificando que o perfil do solicitante se axusta á oferta realizada, certificado de empadramento vixente, certificado de estar inscritos no SNGX e copia do DNI en vigor. En caso de desempate e/ou para ter en conta a data de presentación das solicitudes, atenderase á data na que se presentara toda a documentación indicada.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Sábado 19 de outubro de 2024 - Venres 25 de outubro de 2024 ambos incluídos en primeira convocatoria. Se no se cubren as prazas seguirán recibíndose solicitudes ata completar o total das prazas ofertadas.

CONTACTO:

Correo electrónico: esgaiainserta@gmail.com

Teléfonos: Alexia (directora do programa): 665170197 Icia (titora): 674847040

Para máis información:

www.esgaiainserta.org

www.xuventudementoring.gal